

Fondos de Coñecemento Familiar O traballo de aula

SITUACIÓN DE APRENDIZAXE E GUÍA DIDÁCTICA
Educación Primaria: Proxecto Competencial

Editores

Gabriela Míguez Salina
Miguel A. Santos Rego

Autoras

Cristina Varela Portela
Julia Crespo Comesaña
Mar Lorenzo Moledo
Francisco Cernadas Ríos



© Universidade de Santiago de Compostela, 2023



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei.

Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>



Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley.

Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace:

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>



This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

Deseño e maquetación

Isabel Argüelles
Imprenta Universitaria

Edita

Edicións USC
Campus Vida
www.usc.gal/publicacions

DOI <https://dx.doi.org/10.15304/op.2023.1689>

ÍNDICE

1. Xustificación da situación de aprendizaxe	4
2. Contextualización. Que son os fondos de coñecemento?	4
3. Presentación da situación de aprendizaxe	6
4. Persoas destinatarias	7
5. Temporalización	7
6. Obxectivos	8
7. Estratexias metodolóxicas	8
8. Contidos	9
9. Atención á diversidade	9
10. Proposta de actividades	10
11. Avaliación da situación de aprendizaxe	20
12. Marco normativo	20
13. Referencias bibliográficas	21
14. Anexos	23

1. Xustificación da situación de aprendizaxe

Cómpre, primeiramente, formular unha breve aclaración conceptual. Para que as experiencias de aprendizaxe propostas sexan competenciais, o/a docente debe deseñar situacións de aprendizaxe con tarefas e actividades útiles e funcionais para o alumnado, situadas en contextos próximos ou familiares, significativos para eles/as, que lles supoñan retos, desafíos, e esperten o desexo e a curiosidade por seguir aprendendo. De igual forma, as metodoloxías correspondentes deberán contribuír ao éxito das aprendizaxes fomentando a motivación, facilitando o proceso e favorecendo unha boa xestión do clima da aula. Por último, os produtos elixidos deberán ser adecuados para a observación das aprendizaxes reflectidas nos criterios de avaliación, sendo coherentes cos procesos cognitivos, emocionais e psicomotrices neles descritos (Dans e Varela, 2022).

Considerando o anterior, e partindo da necesidade de incluír novas prácticas nas aulas que estimulen a participación e implicación das familias na escola, esta proposta preséntase como un recurso para os e as docentes poderen favorecer tales procesos a través da incorporación do enfoque dos fondos de coñecemento, como base teórica para a elaboración de diferentes situacións de aprendizaxe que teñen como obxectivo a posta en valor e o recoñecemento das prácticas socioculturais familiares como activos de coñecemento para a educación escolar dos nenos e nenas.

Neste senso, e seguindo o disposto no *DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*, esta situación de aprendizaxe (SA) enmárcase na área de proxecto competencial, cuxa principal finalidade non é outra que o desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así, esta programación configúrase como un traballo monográfico, tal e como se formula no devandito decreto, no que as actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.

2. Contextualización. Que son os fondos de coñecemento?

Referirnos aos fondos de coñecemento implica explorar unha serie de campos e ámbitos de traballo social que supoñen o estudo das prácticas culturais e as estratexias de supervivencia das poboacións máis vulnerables. Isto non significa que só estes segmentos da sociedade sexan os posuidores de tales fondos, pero si recoñece que a orixe das súas pescudas tivo lugar explorando as dinámicas de convivencia dos mesmos, máxime tendo en conta que as prácticas sociais das familias pertencentes ás clases medias altas viñeron contando, en xeral, coa distinción de «capital cultural» (Santos Rego *et al.*, 2022).

Cando se trata dos/as máis pequenos/as, o enfoque dos fondos de coñecemento apoia a evidencia de que os infantes deben ser considerados como *iniciadores* activos

e poden ser os principais responsables da aprendizaxe na casa. Nesta liña, Wood (1986) suxire que no fogar a maioría dos encontros entre os/as nenos/as e os seus pais son iniciados polos primeiros; isto é, os menores tenden a *solicitar* todo tipo de intercambios nas familias, máis que ser inducidos a eles.

Tal modalidade de interacción constitúe un dos aspectos máis estudados nas familias mexicanas da fronteira entre Estados Unidos e México. En resposta ás circunstancias sociais e políticas derivadas da inmigración, moitas familias desenvolveron unha serie de corpos estratéxicos de coñecementos e habilidades transmitidos ás infancias a partir dos citados procesos de aprendizaxe no fogar, permitíndolles asegurar un grao de benestar e de desenvolvemento para as súas familias (Vélez-Ibáñez e Greenberg, 1992).

É neste contexto, caracterizado por unha visión do déficit asociado á poboación de orixe estranxeira, no que Vélez-Ibáñez e Greenberg (1992) sostiveron que todas as familias, máis aló da súa condición económica, lingüística e cultural, dispoñen de habilidades e saberes, fraguados nas súas prácticas e modos de vida (González *et al.*, 2005). Con todo, tales recursos intelectuais son invisibles, mesmo negados, na práctica escolar e na estrutura curricular debido á existencia de relacións asimétricas de poder entre distintos grupos sociais: «As escolas públicas a miúdo ignoran os recursos culturais e estratéxicos dos que dispoñen os fogares dos estudantes e que chamamos fondos de coñecemento» (Vélez-Ibáñez e Greenberg, 1992, p. 314). Partindo deste escenario, os citados autores propuxéronse documentar estes fondos de coñecemento e incorporalos na práctica escolar. Para iso, contaron coa colaboración do profesor Luís Moll, nun traballo que se estendería á vez que as ideas da psicoloxía histórico-cultural de Vygotsky (1978) –especialmente o seu concepto de *mediación cultural*–, como parte dunha serie de estudos nos que se abordan as implicacións educativas da investigación sobre fondos de coñecemento (Moll, 2005).

O deseño práctico do enfoque implicaba de cheo aos docentes, quen, previamente formados en estratexias cualitativas (como a etnografía), asumían a tarefa de visitar os fogares das familias dalgúns dos seus alumnos, co obxectivo de establecer relacións baseadas na confianza mutua, así como materializar innovacións pedagóxicas a partir da creación de novas unidades didácticas baseadas nos fondos de coñecemento detectados nas devanditas visitas. Como afirmaron os investigadores, «o propósito fundamental consiste en modificar ou mellorar o ensino escolar a partir dos coñecementos e as habilidades inseridas nas familias analizadas» (Moll *et al.*, 2001, p. 185).

Pode apreciarse, por tanto, que a finalidade desta aproximación teórica non é outra que a de mellorar o rendemento escolar do alumnado en risco de exclusión social; isto é, aquel que mostra unha maior descontinuidade entre os códigos, as prácticas e as culturas familiares e as escolares. Todo isto, sen deixar de ser unha proposta coherente coas prácticas propias da pedagogía intercultural, que implica a participación e implicación de todo o alumnado. E iso preténdese a través dunha transformación nas relacións tradicionais de poder entre os docentes e as familias, o cal se traduce en que estas últimas xa non se ven como meras depositarias de información por parte do docente, *experto* nas traxectorias académicas dos seus fillos, senón como referentes intelectuais que o profesorado pode utilizar co obxecto de contextualizar o currículo. Ese proceso será posible ao vincular os contidos de diversas materias, tales como

ciencias, lingua, etc., con aspectos familiares das traxectorias culturais que os discentes levan ás aulas (Lorenzo *et al.*, 2020).

En definitiva, para lograr unha maior educación inclusiva e verdadeiramente xusta, é necesario ter en conta as características do alumnado, así como a súa contorna social e familiar. É por iso polo que se presenta o enfoque dos fondos de coñecemento como marco teórico idóneo para este recoñecemento. Trátase, así, de detectar, mediante a realización de situacións de aprendizaxe como a aquí presentada, todas aquelas prácticas familiares, laborais, comunitarias, etc., que sirvan como eixo para a construción de novos contidos no currículo e que permitan que tanto o alumnado como as familias sintanse identificados co mesmo, sendo quen de achegar tamén novas formas de coñecemento que axuden aos nenos e nenas a alcanzar o éxito académico.

3. Presentación da situación de aprendizaxe

A situación de aprendizaxe que presentamos configúrase como un dos catro bloques da programación anual «coñecendo a contorna».

Para entender a lóxica interna da área, cada un destes bloques se estruturará do seguinte modo, e tendo en todo momento en conta o principio de flexibilidade curricular:

- 1º O autoconecemento. Ao comezo de curso o proxecto enfócase en que o alumnado se coñeza a si mesmo: quen é, as súas emocións, os seus intereses, etc.
- 2º A amizade. A segunda unidade de aprendizaxe vai dirixida a que o grupo de clase coñeza ao seu grupo de iguais a través de entrevistas, debuxos, técnicas grupais, etc.
- 3º Historias de vida familiar e comunitaria. Esta será a situación chave, á que se dedicarán máis sesións lectivas e que se explicará en posteriores apartados de forma pormenorizada.
- 4º A nosa contorna. Este último bloque enfócase no coñecemento de aquilo que rodea ao alumnado (contexto familiar, escolar, social, etc.).

Estes catro bloques conformarán a programación anual da área «proxecto competencial», que se transformará nun traballo monográfico a partir dun portafolios que cada alumno e alumna desenvolverá ao longo do curso.

Esta situación de aprendizaxe leva por título «Historias de vida familiar e comunitaria». A xustificación desta temática ten unha dobre vertente: por unha banda, de acordo co disposto no citado decreto do Currículo de Primaria, trátase de traballar a aprendizaxe formal, non formal e informal, en tódolos contextos e centrándonos nas aprendizaxes resultantes das prácticas culturais familiares, pero tamén da propia contorna. Por outra banda, seguindo a perspectiva inclusiva do enfoque dos fondos de coñecemento, o que buscamos é a inclusión curricular das formas de vida e saberes acumulados das familias e as comunidades do alumnado, como activos nos seus procesos de aprendizaxe. Isto implica entender o contexto sociopolítico e económico

dos fogares e analizar a súa historia social. A historia inclúe orixes e desenvolvemento, sobre todo, e a traxectoria laboral. Neles instálanse algúns dos fondos de coñecemento acumulados polos fogares, xusto os que máis tarde serán obxecto de aproveitamento no currículo escolar, a modo de coñecementos e saberes válidos para o desenvolvemento de competencias transversais que se teñen por importantes no éxito escolar.

4. Persoas destinatarias

Os/as destinatarios/as desta proposta son as alumnas e alumnos do segundo ciclo da etapa de educación primaria, de 8 a 10 anos. As actividades teñen diferentes niveis de complexidade, polo que o profesorado deberá elixir aquelas que considere máis axustadas ao nivel madurativo do seu alumnado.

Apoiándonos no mencionado enfoque dos fondos de coñecemento, esta guía permitiranos compartir experiencias do ambiente familiar. A importancia de que os nenos e as nenas coñezan a súa historia persoal e a súa pertenza a un grupo familiar, radica na contribución deste coñecemento a súa formación identitaria, na medida en que lles axuda a identificar as súas raíces e a crear un vínculo de pertenza cos seus antepasados. Neste senso, traballarase para favorecer o recoñecemento de prácticas culturais comúns entre todo o alumnado, coa finalidade de construír unha identidade cultural compartida, da que todos/as se sintan parte.

Alén diso, o uso do método autobiográfico engade outra vantaxe, a de converter ao suxeito en protagonista da súa educación. Neste contexto, propoñémonos, ademais, salientar de maneira particular o papel das mulleres nas historias familiares.

5. Temporalización

Dedicaremos dúas semanas e 12 sesións á realización das actividades desta situación de aprendizaxe. Cada profesor/a deberá decidir sobre o seu uso de acordo cos seus intereses e a idade e o nivel de maduración do seu alumnado. O número de sesións totais e o lugar de desenvolvemento de cada actividade ven recollido na seguinte táboa:

N.º da actividade	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
Lugar ¹	A	A	C/A	A	C/A	C/A	C/A/E	C/A	C/A	A/SA
N.º de sesións	1	1	1	1	1	1	1	2	2	1

¹ A: aula. C: casa. E: contorna exterior. SA: salón de actos.

6. Obxectivos

Esta situación de aprendizaxe, de forma xeral, pretende fomentar, por un lado, a relación e participación das familias no centro educativo, facéndoas sentir protagonistas nas actividades escolares e poñendo en valor o seu papel como activos de aprendizaxe; e, por outro, que o alumnado sexa capaz de recoñecer nos espazos familiares saberes e prácticas que poden aproveitar para o desenvolvemento de tarefas propias da escola.

Asemade, os obxectivos da área abordada son:

1. Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para conseguilos, tendo en conta as necesidades da contorna.
2. Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista, mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.
3. Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas, cunha linguaxe verbal e corporal positiva, co control das emocións negativas e, no seu caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.

Ademais, en cada unha das actividades faremos referencia a obxectivos didácticos propios para, deste xeito, facilitar a avaliación.

7. Estratexias metodolóxicas

As metodoloxías seleccionadas deberán ser adecuadas ao enfoque competencial do ensino e á aprendizaxe: metodoloxías activas e dialóxicas ou interactivas, nas que o alumnado «aprende facendo» e/ou «aplicando coñecementos» sobre situacións-problemas significativos.

Baseamos esta situación de aprendizaxe no enfoque metodolóxico do «Deseño universal para a aprendizaxe» (DUA). Este parte de tres principios básicos referidos ás características que deben incluír os compoñentes do currículo para que sexan accesibles e efectivos pensando na maior cantidade de persoas; en particular, para as que están en risco de exclusión debido a discapacidade, xénero ou cultura, entre outros (Center for Applied Social Technology, 2018; Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas, 2014). Arredor destas normas establécense diferentes pautas para favorecer o deseño de currículos accesibles e motivadores. Estes principios abordan tres áreas fundamentais da aprendizaxe: o medio polo que se recibe a información (*que*), o proceso que se pon en marcha para a aprendizaxe (*como*) e os aspectos que inflúen na motivación que se mostra cara á aprendizaxe (*por que*), segundo se explican de seguido (Center for Applied Social Technology, 2018):

- Proporcionar múltiples medios de representación.
- Proporcionar múltiples medios de acción e expresión.
- Proporcionar múltiples medios de compromiso.

Como corolario, cabe salientar que a literatura referida á aplicación de proxectos curriculares baseados no DUA suxire resultados que apoian a súa implementación (Sánchez *et al.*, 2019). A metaanálise de Capp (2017) conclúe que o DUA é unha metodoloxía efectiva para mellorar a aprendizaxe do estudiantado e que ten efectos en maiores niveis de motivación, experiencias melloradas de lectura, habilidades para elaborar preguntas, melloras no proceso de escritura, maior satisfacción ao usar a tecnoloxía e maior autonomía.

8. Contidos

Os temas que configuran esta situación de aprendizaxe para contribuír á consecución das aprendizaxes previstas van ser os seguintes:

- Concepto e tipos de familias.
- Membros da familia e as súas relacións.
- Reparto equilibrado das tarefas e responsabilidades. Análise crítica (coeducación).
- Evolución histórica da estrutura familiar.
- A historia familiar: elaboración da árbore xenealóxica e da cronoloxía familiar.
- Creación de relatos autobiográficos.
- Valoración da propia familia.

A partir deles, teranse en conta os contidos propios do proxecto competencial, tales como a busca de información relacionada cos proxectos, a planificación, execución e presentación de proxectos, o control das emocións e da conducta e o uso dos recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

9. Atención á diversidade

Esta SA permite unha participación parcial a aquel alumnado que teña dificultades severas de aprendizaxe. Isto pode adoptar distintas formas: deixar dedicar máis tempo á realización dunha actividade, permitir non realizar todas as actividades que integren a SA, ofrecer apoios que faciliten a súa realización, etc. Algunhas posibilidades que poden contemplarse son as seguintes:

- Actividades de reforzo e ampliación con textos adaptados en canto a extensión e vocabulario.
- Organización flexible da aula (recuncho lector, recuncho de construcións de palabras e frases) e alumnos/as axudantes para atender aos diversos ritmos de aprendizaxe.
- Reforzos positivos para o recoñecemento do esforzo das alumnas e alumnos de diferentes ritmos.

Ademais, pola natureza desta programación, debemos ter moi en conta as diferentes circunstancias persoais e contextuais do alumnado. En caso de que contemos cun alumnado que, por diferentes casuísticas, non teña posibilidade de realizar algunha das actividades propostas, podemos considerar un traballo por parellas ou en grupo pequeno onde as actividades serán, en función das propias características, sobre a contorna dun ou doutro membro da parella.

10. Proposta de actividades

A secuencia que propoñemos componse de dez actividades deseñadas para ser aplicadas, considerando, como xa se adiantou, os diferentes niveis madurativos do alumnado. Realizaranse unicamente aquelas que se consideren apropiadas para o seu desenvolvemento na aula e terase en conta, en todo momento, a flexibilidade desta proposta.

ACTIVIDADE 1. Como é a miña familia?	
OBXECTIVOS	• Utilizar axeitadamente o vocabulario do ámbito que establecemos. • Coñecer os membros da familia. • Participar en actividades de grupo desenvolvendo a responsabilidade individual e grupal, respectando os principios básicos do funcionamento democrático.
PROCEDEMENTO	• Nun primeiro momento, pídese a cada alumno/a que debuxe a súa familia, usando lapis e cores (ver anexo 1), e que anote baixo cada membro a relación de parentesco: mamá, papá, irmá, irmán, etc. Acompañarase de palabras, sentimentos ou ideas cos que asocian eses membros da súas familias. • Despois realízase unha posta en común sobre o escrito para ver que significado lle dan ás relacións familiares.
AVALIACIÓN	• Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9).

ACTIVIDADE 2. En que se parecen e en que se diferencian?	
OBXECTIVOS	• Analizar as diferentes estruturas familiares. • Recoñecer a diversidade entre grupos e valorar o enriquecemento que supoñen. • Desenvolver actitudes de respecto cara as distintas estruturas familiares.
PROCEDEMENTO	• Partindo da actividade anterior, suscitamos preguntas como: en que se parecen?, que teñen en común as familias?, en que se diferencian? • En segundo lugar, analizamos as diferentes estruturas familiares. • Finalmente, a/o mestra/e pode suscitar preguntas para reflexionar sobre a idea de que non debemos falar de familia, senón de familias, debido a súa pluralidade. As preguntas poden ser: existe un único tipo de familia?, en que se diferencia un tipo doutro?, cal é a estrutura que máis abonda na nosa clase?
AVALIACIÓN	• Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9). • Anotacións do/a docente nas que recolla as respostas dadas polo alumnado no debate.

ACTIVIDADE 3. Cal é a miña historia familiar? A árbore xenealóxica

OBXECTIVOS	• Construír e interpretar unha árbore xenealóxica. • Comprender a identidade propia con relación á familia para poder responder a preguntas como quen son eu ou cal é a miña orixe. • Analizar as relacións entre os membros da familia.
PROCEDEMENTO	• Antes do día previsto para a realización desta actividade, pediráselle ao alumnado que leve fotos dos membros das súas familias. Explicaráselle que é para a elaboración dunha árbore xenealóxica, e que se non poden traer fotos poderán debuxar no seu lugar. Para non danar as fotos, faranse fotocopias e procederanse a recortar para pegalas na árbore. • Comezaremos a actividade preguntando ás alumnas e alumnos se poderían dicir quen son eles, en relación coa familia. Podemos orientalos poñendo exemplos: «Eu son María, filla de Dorés e Xan». E preguntamos: podería dicir esta mesma frase o teu pai? Así chégase á conclusión de que para cada membro da familia é diferente, pois tamén o é a súa orixe. • A continuación, indagamos sobre se coñecen algunha forma de organizar esta historia familiar e presentamos unha árbore familiar, explicando a súa estrutura e posición. Unha vez esclarecido, podemos facer preguntas como: onde se sitúan os membros máis vellos? • Despois, partindo dun modelo (anexo 2), deben construír a súa árbore xenealóxica, podendo colocar un debuxo ou unha foto para cada membro da familia. Esta actividade deben facela xunto cos seus pais e nais. • Organizados en grupos heteroxéneos, reflexionarán sobre aspectos como se descubriron algo que non coñecían ou o número de membros das súas familias. • Para rematar, colgaranse as árbores xenealóxicas nas paredes da aula.
AVALIACIÓN	• Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9).

ACTIVIDADE 4. Cambian as persoas e as cousas?

OBXECTIVOS	• Ser conscientes dos cambios tanto persoais como materiais asociados a súa contorna. • Dominar nocións como hoxe, onte e mañá. • Iniciarse no dominio de unidades de medida temporais como agora, día, semana e ano, relacionándoas co reloxo e o calendario. • Entender as nocións temporais vinculadas ao tempo histórico.
PROCEDEMENTO	• O interrogante inicial, cambian as persoas e as cousas?, sométese a debate entre o grupo-clase para explorar as súas concepcións e intereses. Se lles pide ás alumnas e alumnos que dean exemplos concretos referentes aos cambios propios experimentados a nivel persoal e a obxectos ou elementos moi próximos a eles (por exemplo, roupa de verán-inverno; ou, facendo uso das fotografías que trouxeron para a árbore xenealóxica, realizaren unha comparación entre como eran antes a xente ou a ropa, as casas, os oficios, o lecer, etc., e como son agora). • Igualmente, realizaranse unha serie de actividades (principalmente debuxos e fotografías), para que describan os cambios e as continuidades, ordenen secuencias temporais sobre as súas actividades cotiás, diferencien antigo de moderno, antes e agora, como é e como era, etc. • Posta en común sobre os cambios detectados ou, por exemplo, actividades tradicionais que aínda perduran no tempo, se alguén nas súas familias practica ou traballa/traballou nalgún oficio tradicional, se lles foi ensinado ou se se fala del no fogar, etc.
AVALIACIÓN	• Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9).

ACTIVIDADE 5. A miña familia antes e agora	
OBXECTIVOS	• Recoñecer no medio social e cultural cambios e transformacións relacionados co paso do tempo. • Coñecer a pertenza plural e compartida a máis dunha realidade social, histórica e cultural. • Realizar unha investigación seguindo os pasos do método científico.
PROCEDEMENTO	• Primeiro explícase ao alumnado a intención de pescudar a resposta a unha pregunta: como era antes a miña familia e como é agora?, e se lles pide suxestións de como logralo. • Para facelo, eliximos a resposta máis <i>científica</i>: realizar unha pequena investigación para descubrir como eran e como son as familias. • Esta investigación será realizada a partir dunha breve entrevista ás súas nais e avoas ou persoas maiores da súa contorna, sobre os cambios xeracionais nas súas familias. • Organizados en equipos heteroxéneos, analizarán as respostas obtidas, facendo unha comparación entre os cambios xeracionais acontecidos. Logo, deberán preparar un resumo da información traballada para facer unha exposición ao grupo clase. • Para rematar os aspectos descubertos, póñense en común as aprendizaxes obtidas. Tamén se lles preguntará se a información acadada coincide co que crían previamente (verificación de hipótese).
AVALIACIÓN	• Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9).

ACTIVIDADE 6. Quen son eu? Contamos a nosa historia persoal

OBXECTIVOS	• Introducirse nos procedementos de reconstrución da historia, mediante a procura e clasificación de información. • Periodizar a historia persoal en diferentes fases ata a actualidade. • Construír un eixo cronolóxico para representar os relatos das historias persoais do alumnado.
PROCEDEMENTO	• O alumnado deberá analizar fontes de distinto tipo: orais (entrevista aos pais e nais), visuais (fotografías), materiais (roupa e xoguetes) e escritas (Libro de Familia, fotocopia da partida de nacemento), para telas en conta no relato oral da súa historia persoal. • Coa axuda da información obtida, o alumnado debe relatar a historia da súa propia vida a través de debuxos. Estas producións gráficas analízanse nunha posta en grupo, extraendo delas referencias comúns que se utilizarán para confeccionar un esquema compartido, que servirá de punto de partida para o desenvolvemento da seguinte actividade (relato oral). • Exposición por parte das alumnas e alumnos do seu relato, co apoio do eixo cronolóxico (anexo 3) que lles serve de guión para a narración, destacando os momentos máis importantes das súas vidas. • Proponse unha actividade final que sirva para estruturar o proceso seguido mediante a elaboración, en papel continuo, dun friso da historia colectiva dos alumnos e alumnas, recollendo o material utilizado como fonte de información.
AVALIACIÓN	• Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9).

ACTIVIDADE 7. Os xogos dos nosos avós e das nosas avoas

OBXECTIVOS	• Valorar o xogo como medio de transmisión cultural e de relación interxeracional. • Favorecer as relacións entre os compañeiros/as respectando as súas intervencións. • Desenvolver as habilidades motrices básicas (co corpo e con obxectos) a través dos xogos. • Respectar as posibilidades de execución propias e alleas. • Practicar xogos que poidan realizarse en calquera contorna.
PROCEDEMENTO	• Nesta sesión, que se desenvolverá no patio da escola, dividiremos ao alumnado en dous equipos e proporemos xogos tradicionais (ver Vázquez e López, 2007, e anexo 4).
AVALIACIÓN	• Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9).

ACTIVIDADE 8. Relato autobiográfico	
OBXECTIVOS	• Iniciar no coñecemento histórico: vida social, costumes, educación, etc. • Reconstruír a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares, mediante un traballo de investigación que inclúe a busca, selección e organización de información e a redacción final do relato. • Investigar os cambios principais na estrutura familiar e o papel da muller. • Valorar e recoñecer as relacións entre os membros da familia. • Desenvolver capacidades de organización espazo-temporal con relación a experiencias e vivencias persoais.
PROCEDEMENTO	• Cada alumna/o, coa colaboración da súa nai ou avoa, debe facer un relato autobiográfico (anexos 5 e 6) arredor dalgún membro e/ou acontecemento familiar que considere relevante. Esta actividade farase no fogar. • Os centros de interese arredor dos que debe xirar o relato poderían ser: — A escola. — A mocidade. — Os días de festa, as cancións, etc. — Os oficios. • O mestre ou mestra supervisará os relatos a medida que as alumnas e alumnos os vaian completando, e formulará cantas indicacións e suxestións considere oportunas. • Simultaneamente, farase a lectura individual daqueles relatos xa rematados, convidando á presenza dalgunha nai ou avoa que poida dar testemuña directa dos relatos, e dando oportunidade ás alumnas e alumnos de que formulen as preguntas que lles suscite a exposición.
AVALIACIÓN	• Anotacións do/a docente respecto do seguimento da actividade. • Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9).

ACTIVIDADE 9. Como se vivía na época na que as nosas avoas e avós aínda eran nenas/os? As fontes para a reconstrución do pasado

OBXECTIVOS	• Analizar, ademais da historia familiar, a memoria dos obxectos próximos e, moi especialmente, o coñecemento e valoración das fontes como instrumentos para a reconstrución do pasado.
PROCEDEMENTO	• Realizaranse tarefas previas por parte do profesorado para explorar as concepcións e intereses do alumnado acerca do patrimonio, das orixes do pobo ou cidade e da interpretación e orientación no plano. • A partir desta pesquisa, procurarase información de diversas fontes; entre elas, as propias familias, sobre todas as pistas do pasado que fomos observando e que situaranse no seu contexto histórico. • Cada alumna/o elaborará un eixo cronolóxico no que situará a súa data de nacemento e a da nai, pai, avoas e avós, así como o ano en que as avoas e avós tiñan a idade que eles teñen agora. • Realizarán, ademais, unha posta en común para establecer os anos de maior coincidencia nas liñas temporais e así delimitar o período no que a maioría das avoas e avós tiñan a idade que os netos teñen agora. Igualmente, proporase ao alumnado que elabore un breve informe sobre a historia e características dalgún obxecto material usado na infancia das súas avoas e avós. • O alumnado preparará unha exposición no centro escolar coas fotografías, os recortes de revistas e xornais e os obxectos achegados. Xunto a cada un destes elementos colocárase unha cartela indicando se se trata dunha fonte de carácter primario ou secundario e o tipo de información que proporcionan ao proceso investigador. • Esta exposición sobre a nenez das avoas e dos avós complementarase cun friso histórico no cal o alumnado debuxará a liña do tempo inicial e os principais acontecementos da historia local, nacional e internacional ligados á nenez das avoas e avós. Igualmente, pegaranse no devandito friso, exposto no corredor do centro, debuxos ou fotocopias dalgúns dos testemuños utilizados para a reconstrución do pasado familiar e dos obxectos próximos. Convidarase a nais, pais, avoas, avós e a outras alumnas e alumnos do colexio a visitar a exposición na actividade de peche da situación de aprendizaxe.
AVALIACIÓN	• Anotacións do/a docente onde se recollan as ideas do alumnado na posta en común. • Observación. • Escala de valoración (ver anexo 9).

ACTIVIDADE 10. Remate da situación de aprendizaxe	
OBXECTIVOS	• Presentar aos membros da comunidade educativa a totalidade da tarefa realizada.
PROCEDEMENTO	• Reúnese á totalidade do alumnado participante, conxuntamente coas súas familias, no salón de actos ou biblioteca para a actividade de peche da situación de aprendizaxe. • Desenvolverase unha presentación formal a cargo da dirección do centro a agradecerase, tanto ao alumnado como ás familias, a súa contribución ao desenvolvemento da tarefa. • Para rematar, o alumnado dinamizará, para as súas familias, unha visita guiada pola exposición preparada na actividade anterior.
AVALIACIÓN	• Cuestionario de satisfacción dirixido ás familias (ver anexo 10).

11. Avaliación da situación de aprendizaxe

A avaliación do alumnado consistirá nunha valoración formativa do proceso de ensino-aprendizaxe, valéndose dunha serie de procedementos e instrumentos.

En cada unha das actividades propónse unha escala de valoración que servirá como base para que o profesorado deseñe rúbricas específicas e adaptadas á súa realidade.

Ademais daquelas técnicas e instrumentos propostos en cada unha das actividades, contaremos coas seguintes ferramentas e técnicas xerais:

- Observación sistemática das actividades: participación, cooperación e actitudes do alumnado.
- Valoración dos produtos das actividades.
- Diálogos e entrevistas para o coñecemento e seguimento dos avances e dificultades na aprendizaxe dos contidos.
- Actividades de control ou avaliación final, centradas nos criterios de avaliación da materia.
- Nivel de implicación familiar.

Entre outros, cabe dispoñer, ademais dos xa presentados, dos seguintes instrumentos de avaliación:

- Cuestionario sobre coñecementos previos.
- Rexistro das actividades de clase.
- Rexistro das entrevistas mantidas.
- Control/cuestionario final da situación de aprendizaxe.
- Carpeta de traballos dos alumnos/as.

Especialmente interesante para esta SA, é a proposta do portafolios como unha ferramenta que nos serve para avaliar o proceso, as competencias e as capacidades alcanzadas. Pode definirse como unha colección de probas ou evidencias que poñen de manifesto o nivel competencial alcanzado polos alumnos. Así, o produto final, a partir deste portafolios, será un traballo monográfico que o alumnado elaborará ao longo das diferentes sesións. Ademais, no anexo 8 presentamos un exemplo de táboa de rexistro que nos axudará a avaliar a práctica docente.

12. Marco normativo

Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE 30-12-2020).

Real Decreto 984/2021, do 16 de novembro, polo que se regulan a avaliación e a promoción na Educación Primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional (BOE 17-11-2021).

- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 26-09-2022).
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 21-10-1996).
- Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria (DOG 02-09-1997).
- Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia (DOG 11-02-2022).
- Real Decreto 157/2022, de 1 marzo por el que se establecen la ordenación y las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria (BOE 02-03-2022).
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 21-12-2011).
- Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG 26-10-2021).

13. Referencias bibliográficas


- Capp, M. J. (2017). The effectiveness of universal design for learning: A meta-analysis of literature between 2013 and 2016. *International Journal of Inclusive Education*, 21(8), 791-807.
- Center for Applied Special Technology (CAST). (2018). *Universal Design for Learning Guidelines*. <http://udlguidelines.cast.org/>
- Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (2014). *Formación Curricular en diseño para todas las personas en pedagogía*. CRUE.
- Dans, I., e Varela, C. (2022). *La programación didáctica: Elementos Básicos*. Editorial Universitas.
- Lorenzo Moledo, M., Míguez, G., e Cernadas, F. (2020). ¿Pueden contribuir los fondos de conocimiento a la participación de las familias gitanas en la escuela?: bases para un proyecto educativo. *Teoría de la Educación*, 32(1), 191-211.
- Moll, L. (2005) Reflections and possibilities. En N. González, L. Moll, e C. Amanti (Eds.) *Funds of Knowledge: Theorizing Practices in Households, Communities, and Classrooms* (pp. 275–288). Lawrence Erlbaum Associates.
- Moll, L., Saez, R., e Dworin, J. (2001). Exploring biliteracy: Two student case examples of writing as a social practice. *The Elementary School Journal*, 101(4), 435-449.

- Sánchez, S., Jiménez, D., Sancho, P., e Moreno-Medina, I. (2019). Validación de instrumento para medir las percepciones de los docentes sobre el diseño universal para el aprendizaje. *Revista Latinoamericana de Educación Inclusiva*, 13(1), 89-103.
- Santos Rego, M. A., Lorenzo Moledo, M., e Míguez, G. (2022). *Fondos de Conocimiento Familiar e intervención educativa: Comprender las circunstancias socio-históricas de los estudiantes*. Narcea.
- Vázquez, L., e López, X. (2007). *Xogos tradicionais*. Xunta de Galicia
- Vélez-Ibáñez, C., e Greenberg, J. (1992). Formation and transformation of funds of knowledge among US-Mexican households. *Anthropology & Education Quarterly*, 23(4), 313-335.
- Vygotsky, L. (1978). *Mind in Society*. Harvard University Press.
- Wood, D. (1986). Aspects of teaching and learning. En M. Richards, e P. Light (eds.), *Children of Social Worlds: Development in a social Context* (pp. 191-212). Polity Press.


14. Anexos

Anexo 1. Como é a miña familia?

No seguinte recadro debuxa a túa familia, usando lapis e cores. Debaixo de cada membro, anota a relación de parentesco que te une con cada quen: mamá, papá, irmá, irmán, etc.



Anexo 2. A árbore xenealóxica



Mirando o esquema tenta seguir a explicación: Antón e Lola son os bisavós de Sara, Eva, Breixo... Eles tiveron tres fillos. No esquema figura que só dous deles, Fran e María, se xuntaron a outras persoas e tiveron fillos. Fran, con Carmela, tivo tres fillos, dos que só Daniel se xuntou a outra persoa, Helena, coa que tivo dúas fillas, Sara e Eva. María, con Xoán, tivo tres fillos: Antía, Pepa e Ramón. Antía tivo un fillo con Lucas, Breixo. Na primeira liña temos a primeira xeración, e na última a cuarta.

Centrémonos en Eva. Ela ten relacións lineais con Helena, Daniel, Carmela ou Lola. Ten relacións colaterais con Sara e máis afastadas con Alexandre (o seu tío paterno) ou con María (a irmá do seu avó, diríamos a súa tía avoa). Centrémonos en Ramón. Ten relacións lineais con Alberte (descendente) e con Xoán (ascendente). Ten relacións de alianza con Sabela e outras relacións de afinidade con Lucas (o seu cuñado). Con Xoana, sen embargo, ten relacións de consanguinidade. Aínda que el non sexa descendente directo dela, teñen un antepasado común que atopamos se ascendemos ata a liña de Antón e Lola.

Diríamos que Sara ten relacións de 1º grao con Daniel (posto que só hai que subir un chanzo), de 2º grao con Eva (posto que hai que subir a Daniel e Helena para conec-talas: son dous pasos), de 3º grao con Alexandre (o seu tío paterno, posto que hai que subir a Daniel, del a Carmela e Fran e descender despois para atopar a Alexandre: tres pasos), de 2º grao con Carmela (a súa avoa, posto que hai que subir a Daniel e de aí a Carmela: dous pasos), etc.

Anexo 3. Liña de tempo


A liña de tempo permite ordenar unha secuencia de eventos ou de fitos sobre un tema, de tal xeito que se visualice con claridade a relación temporal entre eles. Para elaborar unha liña de tempo sobre un tema particular, débense identificar os eventos e as datas (iniciais e finais) en que estes ocorreron; situar os fitos máis relevantes en orde cronolóxica para poder establecer os intervalos de tempo máis adecuados; agrupar os eventos similares; determinar a escala de visualización que se vai a usar; e, para rematar, organizar os eventos en forma de diagrama.

Pasos para elaborar unha liña de tempo

1. Convención: orientación á dereita equivale a posterior (futuro), en tanto esquerda a anterior (pasado).
2. Identifica os feitos e lugares que che interesa representar. Selecciona as datas máis relevantes a partir dunha cronoloxía acerca deses acontecementos.
3. Elabora a liña de tempo e organiza a secuencia de xeito ordenado, respectando a proporción matemática na representación gráfica. Por exemplo, un centímetro equivale a un ano.
4. Coloca as datas e, logo, os datos de forma moi breve, pero á vez suficiente para comprendelos.
5. Tamén podes agregar imaxes para complementar e presentar os resultados en forma didáctica.

A elaboración de liñas de tempo, como actividade de aula, demanda identificar unidades de medida do tempo (século, década, ano, mes, etc.), comprender como se establecen as divisións do tempo (épocas, séculos, anos, meses, días, etc.), utilizar convencións temporais (onte, hoxe, mañá, antigo, moderno, novo), comprender a sucesión como categoría temporal que permite situar acontecementos na orde cronolóxica na que se sucederon (organizar e ordenar sucesos no tempo) e entender como as liñas de tempo permiten visualizar con facilidade a duración de procesos e a densidade (cantidade) de acontecementos.

En Microsoft Word: Insertar / SmartArt / Procesos / Liña de tempo básica / Aceptar



Anexo 4. Actividade 8. Os xogos dos nosos avós e avoas

- ▶ A mariola: xogo de precisión e de coordinación, que se realiza nuns cadrados numerados e previamente debuxados no chan. Cada participante vai lanzando unha pedra a un cadrado, empezando polo primeiro. Consiste en ir saltando sucesivamente de cadro a cadro, cunha perna ou con dúas, por todas as casillas menos por aquela na que está a pedra. Ao chegar de volta ao lugar onde está a pedra, cóllese e conclúese a partida.
- ▶ As brincadeiras (saltarís): cada xogador/a dá tres saltos consecutivos a pés xuntos tratando de saltar o máis lonxe posible. As accións teñen que facerse sen deterse e sen perder o equilibrio.
- ▶ A corda: dous alumnos/as danlle á corda. Consiste en saltar a corda sen que esta interrompa o seu ciclo e esperando a súa quenda.
- ▶ Tiro da corda (sogatira): divídese a clase en dous equipos de similar capacidade física. A soga na súa metade ten atado un trapo de cor, o cal determinará o equipo gañador. O xogo consiste en tirar pola corda para arrastrar aos membros do equipo contrario cara ao outro campo.
- ▶ Pés quietos: un xogador ou xogadora lanza a pelota ao aire á vez que pronuncia o nome doutro xogador/a. Quen escoita o seu nome debe ir en busca da pelota, mentres o resto de alumnos/as trata de fuxir o máis lonxe posible. Unha vez que recolleu a pelota no aire, berra: “SANGUE”, momento no que os que fuxían deben permanecer quietos. O portador/a da pelota dispón dun máximo de tres pasos para achegarse o máis posible a un dos xogadores/as e tratar de golpealo/a coa pelota.
- ▶ Reloxo: un xogador ou xogadora collerá a corda e desde o punto central faraa virar, estirada e debuxando un círculo. O resto da clase deberá saltala ou agacharse cando lles veña a corda, que no seu punto distal estará atada a unha mochila dentro da cal introducirase un balón. Non se pode tocar a corda nin a mochila. No caso de que alguén a toque, quedará eliminado.
- ▶ Brilé: dous equipos, cada un no seu campo, tratarán de dar cun balón aos membros do equipo contrario. Se o conseguen, o brilado/a colocase ao final do campo rival, desde onde tamén poderá lanzar aos seus contrincantes. Gañará quen consiga ter aos seus adversarios/as brilados/as antes. Non se pode invadir o campo contrario. Se lle dás a un xogador pero atrapa o balón no aire, non está eliminado. Se a pelota bota antes de darlle, tampouco está eliminado.
- ▶ Carreira de sacos: cada participante, metido nun saco ata a zona abdominal, realizará un percorrido de ida e volta a través de saltos a pés xuntos sen saírse do saco. Realizaranse carreiras de substitucións, cada equipo dispoñerá dun único saco que servirá para que todos e todas realicen o percorrido.
- ▶ Carreiras de cabalos e carretillas: os participantes colócanse por parellas na posición que se precise en función da modalidade da carreira. Esta poderá cambiarse de maneira alternativa á conclusión de cada serie.
- ▶ Recollida de mazarocas: consiste en recoller nunha cesta seis mazarocas de millo colocadas en fila, fronte a cada participante, no menor tempo posible.

As mazarocas están separadas entre si uns 70 ou 80 cm. Realízase unha competición por parellas. Cada concursante debe realizar o traxecto recollendo de cada vez unha soa mazaroca e, sen tirala, deixala na súa cesta correspondente. Gaña o que primeiro faga o traxecto no menor tempo posible.

- ▶ A petanca. O xogo consiste en lanzar as bólas metálicas (pelotas grandes) tentando aproximalas máis que o equipo contrario ao boliche (pelota pequena), que se atopa a unha distancia aproximada de entre 6 e 10 metros.

Anexo 5. Guión sobre posibles contidos do relato autobiográfico

O neno/a xunto coa súa nai/avoa terá que escoller sobre aqueles tópicos nos que se centrará a recolección de información para o relato de vida.

1. Recordos sobre outros membros da familia: avós/as, tíos/as, parentes anciáns, etc.
2. Recordos da infancia: data e lugar de nacemento, descrición dos pais, número de persoas, número de irmáns, oficios da nai e do pai, costumes e hábitos destes. A súa vida na casa, tradicións familiares, os xogos (onde xogaba, con quen xogaba, o que máis lle gustaba de xogar, a que hora xogaba, con que xoguetes, xoguetes favoritos, etc.), os seus recordos, amizades, trasnadas, sucesos significativos.

3. Escola

- ☐ Idade á que comezou a escola e tipo de escola (privada, pública, relixiosa, etc.).
- ☐ Cantas escolas había na zona?
- ☐ Sabía ler ou escribir cando ingresou?
- ☐ Que lle gustaba máis facer?
- ☐ Había diferenzas entre os seus compañeiros/as?
- ☐ Número de compañeiros/as?
- ☐ Xogos, recordos de mestres, castigos.
- ☐ Que facía despois do colexio?
- ☐ Persoas importantes na escola.
- ☐ Lugares importantes na escola.
- ☐ Anos escolares.
- ☐ Recordos gratos e malos recordos.

4. Mocidade

- ☐ Que facía a esa idade? Escola, traballos, xogos, amizades, parellas, gustos, etc.
- ☐ Relación cos seus adultos: pais, familiares, mestres/as.
- ☐ Conflitos persoais.
- ☐ A que idade comezou a saír sóa?
- ☐ Que facía os fins de semana?
- ☐ Cando comezou a gañar diñeiro e como?
- ☐ Anécdotas.

5. Vida cotiá

5.1. O campo

- ☐ Describa a súa casa. Primeiro a contorna e logo detalle as plantas, os cuartos, a disposición de interiores, os materiais de construción, o tipo de piso, de teito, o mobiliario, etc.
- ☐ A súa condición de traballo. Se é propietaria ou xornaleira.

- ☐ Cultivos, detalles.
- ☐ Había outros ingresos? De quen?
- ☐ Animais.
- ☐ Describa un día de traballo.
- ☐ Tarefas cotiás.

5.2. Oficios familiares

- ☐ Cal era o oficio dos seus avós e pais, doutros familiares?
- ☐ Amigos/as, comunidade.
- ☐ Cal é o seu oficio?
- ☐ Por que o escolleu?
- ☐ Fan algunha actividade na casa cos seus fillos/netos relacionada con estes oficios?
- ☐ Valorar e especificar:
 - Prestixio, no entorno social do oficio e do artesan.
 - Organización (gremios, colexios, confrarías, etc.).
 - Tipo de industria: familiar, en sociedade, autónoma, etc.
 - Herdou o oficio?
 - Horas que dedican ao traballo.
 - Tarefas que presentan maior dificultade.
 - Se traballan a nivel local ou noutros pobos, a domicilio, etc.

5.3. Matrimonio

- ☐ Cando coñeceu ao seu esposo?
- ☐ De onde é orixinario?
- ☐ Tempo de noivado?
- ☐ A quen lle pediu permiso para casarse?
- ☐ Os seus pais estaban de acordo?
- ☐ Tiña el o consentimento da súa familia?
- ☐ Preparativos do matrimonio. Lúa de mel. Outros costumes.
- ☐ Lugar de residencia.

5.4. Fillos/as. Número e descrición, relación con eles e outros comentarios.

5.5. Alimentación

- ☐ Número de comidas diarias.
- ☐ Descrición das comidas.
- ☐ Tipo de cociña: leña, gas, outros combustibles.
- ☐ Bebidas: café, mollos, auga, alcohol, cantidades.
- ☐ Pratos preferidos.
- ☐ Opinión con relación á cociña.

5.6. Lecer

- ☐ Comidas e bebidas favoritas.
- ☐ Personaxes famosos.
- ☐ Televisión.
- ☐ Deportes.

- ☐ Animais.
- ☐ Música.
- ☐ Excursións.
- ☐ Aniversarios.
- ☐ Vacacións.
- ☐ Premios.
- ☐ Certificados e recordos especiais desas actividades.
- ☐ Cancións, poemas, contos da zona.
- ☐ Refrás, supersticións, lendas, festas e patróns.

5.7. Días de festa

- ☐ Que días son?
- ☐ Que facía eses días? (Comidas, bailes, convidados/as, etc.).

6. Pensamento sobre diferentes temas

6.1. Anciáns

6.2. Os pobres e os ricos. Había ricos na zona? Había grandes, pequenos, medianos propietarios? Que facían, de que vivían, relación con eles. Opinión sobre eles.

6.3. Política e sindicalismo.

6.4. Vida relixiosa.

6.5. A morte.

Anexo 6. Guía breve para escribir o relato autobiográfico²

En primeiro lugar, deberemos seleccionar adecuadamente un texto semellante ao que o alumno/a debe producir. A súa lectura comprensiva incluírá a interpretación da situación comunicativa que orixinou o texto: para quen foi escrito, cal foi o propósito do autor/a, como empeza o texto, como remata, se está ben logrado, que partes ten, recursos que utiliza, etc. Para guiar esta fase, unha vez lido o relato en voz alta, podemos formular en relación co mesmo unha serie de preguntas, tales como as seguintes:

- ▶ Como empeza o texto? Quen conta este conto? Como o sei?
- ▶ A quen presenta o autor/a? Que nos di del/dela/deles?
- ▶ Sinala no texto os momentos da narración: introdución, desenvolvemento-nó e desenlace.³
- ▶ Que presenta o autor/a na introdución?
- ▶ Cales son os principais feitos do desenvolvemento ou nó?
- ▶ Dialogan os personaxes deste conto? Que signos se utilizan para representar os diálogos?
- ▶ Que expresión indica o momento do desenlace?

Unha autobiografía é o relato da túa propia vida, narrada por ti mesmo/a. Na autobiografía ti es o protagonista e o narrador/a. Nela debes contar experiencias que tiveches na túa vida e os recordos que che deixaron os feitos que viviches, así como os efectos que estes feitos produciron en ti.

Nunha segunda fase, elaborárase colectivamente un texto narrativo, seguindo os pasos enunciados. Para elo, o mestre/a pensa en voz alta, detense, corrixe, reelabora, etc. A idea é mostrar aos alumnos/as como se escribe. Unha vez rematado o texto, propónse unha lectura final a efectos de revisalo e realizar as últimas correccións. Para non esquecer ningún dos pasos, convén redactar entre todos unha pequena guía de referencia:

- ▶ Antes de comezar a escribir, formula un resumo dos aspectos máis importantes que vas relatar e organiza as partes da historia nun esquema.
- ▶ Igualmente, antes de comezar a escribir, pensa cales van ser os personaxes máis importantes da túa historia e define de forma precisa as características dos mesmos.
- ▶ Busca un comezo atractivo que atrape ao lector desde a primeira frase.
- ▶ Desenvolve a historia de forma orixinal, sorprendente, curiosa, interesante...
- ▶ Ten coidado con que a ambientación, a descrición de lugares e o tempo en que ocorren os feitos sexan coherentes e lóxicos.

² Cada alumno/a debe escribir, de maneira autobiográfica, o relato da súa nai ou avoa.

³ Cos nenos/as pequenos abonda esta estrutura simple, malia que a maioría dos autores/as consideran que un conto de estrutura canónica posúe cinco partes ou funcións: orientación, complicación, resolución, avaliación e máxima (proverbio).

- ▶ Recorda que debes utilizar o pasado (fundamentalmente o pretérito perfecto simple e o pretérito imperfecto).
- ▶ Mantén o narrador (1ª persoa, 3ª persoa). O alumno é o narrador, podendo intervir ou non como personaxe do mesmo.
- ▶ Introduce algún diálogo entre os personaxes.
- ▶ Usa imaxes que ilustren o narrado.
- ▶ Ponlle un título.
- ▶ Revisa o léxico, a ortografía e a puntuación.

Finalmente, o mestre/a explica claramente aos nenos/as a actividade que van realizar: propósito que pretendemos lograr co relato, a quen vai dirixido (familia, compañeiros/as...), que ideas se poden incluír, onde buscar a información que nos falta, etc.

Anexo 7. Criterios de avaliación e contidos

Bloque 1. Definición de proxectos

Criterios de avaliación

- CA1.1. Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. OBX1
- CA1.2. Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. OBX1
- CA1.3. Identificar e seleccionar a información que se precisa. OBX1
- CA1.4. Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. OBX1
- CA1.5. Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións. OBX1

Contidos

- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporización.

Bloque 2. Execución de proxectos

Criterios de avaliación

- CA2.1. Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporización prevista. OBX2
- CA2.2. Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. OBX2
- CA2.3. Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. OBX2
- CA2.4. Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. OBX2
- CA2.5. Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. OBX2

Contidos

- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

Bloque 3. Presentación de proxectos

Criterios de avaliación

- CA3.1. Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. OBX3
- CA3.2. Empregar a linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. OBX3
- CA3.3. Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. OBX3
- CA3.4. Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. OBX3
- CA3.5. Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. OBX3

Contidos

- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; o control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

Anexo 8. Táboa de rexistro da avaliación da práctica docente

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE		
Indicadores e aspectos a avaliar	Reflexións sobre a posta en práctica	Propostas de mellora
1. Adecuación das actividades seleccionadas.		
2. Dispoñibilidade de recursos para a realización das actividades.		
3. Coñecemento por parte do alumnado das actividades que deben resolver, así como dos recursos dispoñíbeis e o grao de suficiencia da información recibida sobre a maneira de realízalas.		
4. Contribución do tipo de agrupamentos á cooperación entre os/as alumnos/as e á atención á diversidade.		
5. Adecuación das estatexias de ensinanza utilizadas para a facilitación da aprendizaxe.		
6. Inclusión de recursos estandarizados por parte dos métodos de ensinanza utilizados.		
7. Inclusión de recursos propios, elaborados ou adaptados polo profesorado.		
8. Desempeño tanto do profesorado como do alumnado dos roles previstos pola tipoloxía de ensinanza.		
9. Suficiencia do tempo estimado para a realización das tarefas.		
10. Grao en que a xestión dos recursos e o emprego das metodoloxías permitiu que o tempo establecido fose un tempo efectivo.		
11. Posta en coñecemento doutras persoas das realizacións dos/as estudantes en cada unha das actividades así como o produto final da tarefa.		
12. Uso das realizacións dos/as estudantes en cada unha das actividades así como o produto final da tarefa como fonte de información das aprendizaxes adquiridas.		
13. Incorporación das realizacións do alumnado ao seu propio portafolio.		

Anexo 9. Escala de valoración das actividades

ACTIVIDADE 1				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a utiliza o vocabulario específico de forma axeitada.				
O/a alumno/a coñece os membros da súa familia.				
O/a alumno/a participa nas actividades grupais.				
O/a alumno/a desenvolve a responsabilidade individual.				
O/a alumno/a desenvolve a responsabilidade grupal.				
O/a alumno/a respecta os principios básicos do funcionamento democrático.				

ACTIVIDADE 2				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a analiza as diferentes estruturas familiares.				
O/a alumno/a recoñece a diversidade entre grupos.				
O/a alumno/a valora o enriquecemento que supoñen as diferentes estruturas familiares.				
O/a alumno/a desenvolve actitudes de respecto cara as distintas estruturas familiares.				

ACTIVIDADE 3				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a sabe construír unha árbore xenealóxica.				
O/a alumno/a sabe interpretar unha árbore xenealóxica.				
O/a alumno/a comprende a identidade propia con relación á familia.				
O/a alumno/a analiza as relacións entre os membros da familia.				

ACTIVIDADE 4				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a é consciente dos cambios persoais asociados á súa contorna.				
O/a alumno/a é consciente dos cambios materiais asociados á súa contorna.				
O/a alumno/a domina nocións temporais.				
O/a alumno/a domina as unidades de medida temporais.				
O/a alumno/a relaciona as unidades de medida co reloxo e o calendario.				

ACTIVIDADE 5				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a recoñece no medio social e cultural cambios e transformacións relacionados co paso do tempo.				
O/a alumno/a coñece a pertenza plural e compartida a máis dunha realidade social, histórica e cultural.				
O/a alumno/a realiza unha investigación considerando os pasos do método científico.				

ACTIVIDADE 6				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a foi capaz de introducirse nos procedementos de reconstrucción histórica, mediante a procura e clasificación de información.				
O/a alumno/a foi capaz de periodizar a historia persoal en diferentes fases ata a actualidade.				

ACTIVIDADE 7				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a valora o xogo como medio de transmisión cultural e de relación interxeracional.				
O/a alumno/a é capaz de relacionarse cos seus compañeiros/as respectando as súas intervencións.				
O/a alumno/a desenvolve as habilidades motrices básicas a través dos xogos.				
O/a alumno/a respecta as posibilidades de execución propias e alleas.				

ACTIVIDADE 8				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a iniciouse no coñecemento histórico: vida social, costumes, educación, etc.				
O/a alumno/a foi capaz de reconstruír exitosamente a memoria do pasado próximo partindo de fontes familiares, realizando un traballo de investigación.				
O/a alumno/a foi capaz de investigar os cambios principais na estrutura familiar e o papel da muller.				
O/a alumno/a desenvolve capacidades de organización espazo-temporal con relación a experiencias e vivencias persoais.				

ACTIVIDADE 9				
Indicadores e aspectos a observar	Nada	Pouco	Bastante	Moito
O/a alumno/a coñece e valora as diversas fontes documentais como instrumentos para a reconstrución do pasado.				
O/a alumno/a sabe diferenciar as fontes primarias e secundarias de información.				
O/a alumno/a é capaz de analizar a información obtida e plasmarla de maneira concisa nun informe.				

Anexo 10. Cuestionario de satisfacción das familias

SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS				
	Moi en desacordo	En desacordo	Dacordo	Moi dacordo
A exposición resultou de interese.				
A exposición foi dinámica e entretida.				
O horario da actividade foi adecuado.				
Paréceume adecuado o lugar da exposición.				
O meu fillo/a disfrutou coa(s) actividade(s).				
O meu fillo/a aprendeu coa(s) actividade(s).				
Puiden axudar ao meu fillo/a a resolver as tarefas encomendadas para realizar no fogar.				
Parecéronme relevantes os contidos abordados nesta situación de aprendizaxe.				
Síntome satisfeito/a coa miña participación e co resultado da(s) actividade(s).				

